

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 31 de xaneiro de 2017, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 3147 (10/POC-000515)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre os datos referidos ao convenio de colaboración asinado pola Consellería do Medio Rural e Voz Audiovisual, S.A.U. para divulgar as políticas de prevención contra os incendios forestais e protección do monte na serie da TVG "Serramoura"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017
- 1.2 3166 (10/POC-000519)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre os datos referidos ao proceso de redacción dos principios xerais de programación e publicidade da CRTVG que está a levar a cabo o seu consello de administración para avanzar no desenvolvemento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017
- 1.3 3215 (10/POC-000528)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o estado de desenvolvemento do proxecto "Labovisión", creado pola CRTVG en decembro de 2012 para apoiar iniciativas innovadoras no ámbito da creación audiovisual, principalmente web, e as previsións do ente público respecto da posta en marcha dalgunha nova iniciativa para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017
- 1.4 3325 (10/POC-000557)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre os datos referidos ás series promovidas pola TVG entre o sector audiovisual galego e emitidas no ente público que foron contratadas no mercado internacional nos últimos catro anos, e as medidas previstas pola CRTVG para apostar e apoiar a distribución internacional dos seus produtos audiovisuais
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

- 1.5 3343 (10/POC-000559)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre os plans, os prazos e o orzamento estimado para o desenvolvemento do proceso de dixitalización do arquivo da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017
- 1.6 3344 (10/POC-000560)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o custo total da construción dun edificio anexo á Redacción da TVG para o traslado provisional dos profesionais durante o desenvolvemento do proceso de dixitalización da RTVG, o calendario de traballo previsto e o destino futuro desas instalacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 3147(10/POC-000515)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os datos referidos ao convenio de colaboración asinado pola Consellería do Medio Rural e Voz Audiovisual, S.A.U. para divulgar as políticas de prevención contra os incendios forestais e protección do monte na serie da TVG "Serramoura"

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa contestación oral na Comisión da CRTVG.

Segundo denuncia o diario dixital Praza Pública, a Consellería de Medio Rural e Voz Audiovisual, parte do Grupo Voz, teñen vixente un convenio “para a divulgación das políticas da Consellería contra os incendios” na serie da TVG Serramoura. Por el a Xunta pagará a La Voz de Galicia 25.000 euros, malia que a memoria xustificativa do convenio especifica que “as partes asinantes exclúen o ánimo de lucro”.

No Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e Voz Audiovisual, S.A.U. para a divulgación das políticas da consellería na prevención contra os incendios forestais e protección do monte, do 7 de xullo de 2016, a produtora comprométese a incluír en Serramoura “un diálogo especial nunha secuencia”, a emisión de “10 secuencias con figuración especial dun axente forestal” e a “colocación de cartel/cadro no decorado da taberna” son algunhas das técnicas de publicidade encuberta recollidas no convenio.

O artigo 17 da Lei 7/2010 de Comunicación Audiovisual especifica que “o público debe ser informado do produto ao principio e ao final do programa, e cando se reanude tras unha pausa publicitaria”, é dicir, debería aparecer sobreimpreso un título advertindo ao espectador que está presenciando contidos patrocinados.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 11:08
Nº Rexistro: 3147
Data envío: 11/01/2017 11:08:34.773



1.ª) Canto paga a CRTVG ao grupo Voz por Serramoura?

2.ª) É consciente o Goberno galego de estar facendo publicidade encuberta na serie?

3.ª) Existen convenios deste tipo para incluír publicidade encuberta noutros programas de da CRTVG?

4.ª) Canto gastou a Xunta na anterior lexislatura neste tipo de publicidade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/01/2017 11:01:23

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 3166(10/POC-000519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos ao proceso de redacción dos principios xerais de programación e publicidade da CRTVG que está a levar a cabo o seu consello de administración para avanzar no desenvolvemento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:51
Nº Rexistro: 3166
Data envío: 11/01/2017 12:51:23.070

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

O Consello de Administración da CRTVG está a traballar na redacción dos Principios xerais de programación e publicidade da Corporación como xa ten informado a Dirección Xeral segundo a cal a súa aprobación é condición indispensable para avanzar no desenvolvemento da Lei 9/2011 de medios públicos audiovisuais de Galiza.

Por este motivo formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión:

1. Cales son os eixos sobre os que compoñen estes principais xerais e o seu ámbito de aplicación?
2. Están a participar profesionais ou persoas especializadas en comunicación na súa elaboración, alén das persoas que integran o Consello de Administración da CRTVG?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:51
Nº Rexistro: 3166
Data envío: 11/01/2017 12:51:23.070

3. Participan representantes do cadro de persoal da Corporación na súa elaboración?

4. Cal é o calendario que manexa a CRTVG para a súa aprobación?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2017 12:49:54

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2017 12:50:00

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2017 12:50:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:51
Nº Rexistro: 3166
Data envío: 11/01/2017 12:51:23.070

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2017 12:50:10

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2017 12:50:14

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2017 12:50:47

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 3215(10/POC-000528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o estado de desenvolvemento do proxecto "Labovisión",
creado pola CRTVG en decembro de 2012 para apoiar iniciativas
innovadoras no ámbito da creación audiovisual, principalmente
web, e as previsións do ente público respecto da posta en
marcha dalgunha nova iniciativa para ese fin

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:16
Nº Rexistro: 3215
Data envío: 12/01/2017 13:16:28.765

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

En decembro de 2012 a CRTVG creou LaboVisión, un “escaparate para os emprendedores dixitais”. Un proxecto encamiñado a apoiar iniciativas innovadoras no terreo da creación audiovisual, principalmente web.

De facto, aínda se mantén a lapela do proxecto no portal da CRTVG malia que a última información referida a LaboVisión é de decembro de 2013.

Por este motivo formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

1. A CRTVG dá por rematado LaboVisión?
2. Pensa a CRTVG pór en andamento algunha iniciativa de apoio e desenvolvemento á creación audiovisual galega?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:16
Nº Rexistro: 3215

Data envío: 12/01/2017 13:16:28.765

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2017 13:15:41

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2017 13:15:47

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2017 13:15:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/01/2017 13:15:57

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2017 13:16:01

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2017 13:16:03

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.4 3325(10/POC-000557)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre os datos referidos ás series promovidas pola TVG entre o sector audiovisual galego e emitidas no ente público que foron contratadas no mercado internacional nos últimos catro anos, e as medidas previstas pola CRTVG para apostar e apoiar a distribución internacional dos seus produtos audiovisuais

Publicación iniciativa vía urxencia, 49, 20.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 10:07
Nº Rexistro: 3325
Data envío: 16/01/2017 10:07:54.437

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Encarnación Amigo Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Silvestre José Balseiros Guinarte, María Antón Vilasánchez, Guadalupe Murillo Solís e Aurelio Núñez Centeno, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A Urxencia ven motivada pola necesidade de que O Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre este tema.

A corporación da radio e televisión pública de Galicia (CRTVG) está a desenvolver unha importante aposta pola distribución internacional dos seus contidos, especialmente produtos audiovisuais.

Deste xeito varias das series promovidas pola TVG entre o sector audiovisual galego, e emitidas na Televisión de Galicia, foron contratadas no mercado internacional nos últimos anos.

Sen lugar a dúbidas, unha televisión autonómica que aspire a ter proxección internacional debe estar aberta á colaboración e mesmo a acadar acordos económicos con outras televisións e distribuidoras fóra de Galicia e mesmo de España.

A ficción galega gusta moito no estranxeiro ata o punto de recuperar o triunfo de audiencia ata outros puntos da xeografía mundial, que tamén recoñecen a súa calidade e o talento dos seus actores e creadores.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión Urxentes:



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 10:07
Nº Rexistro: 3325
Data envío: 16/01/2017 10:07:54.437

- 1.- Cantas series impulsadas pola TVG foron contratadas no mercado internacional nos últimos dous anos?
- 2.- Cales foron estas ficcións que saíron fóra das nosas fronteiras? En que países podemos velas?
- 3.- Que medidas ten previsto adoptar a CRTVG para apostar e apoiar a distribución internacional dos seus produtos audiovisuais?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 16/01/2017 10:04:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/01/2017 10:04:44

Moisés Blanco Paradelo na data 16/01/2017 10:04:55

Silvestre Balseiros Guinarte na data 16/01/2017 10:05:33

María Antón Vilasánchez na data 16/01/2017 10:05:45

María Guadalupe Murillo Solís na data 16/01/2017 10:05:54

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/01/2017 10:06:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.5 3343(10/POC-000559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os plans, os prazos e o orzamento estimado para o
desenvolvemento do proceso de dixitalización do arquivo da
CRTVG

Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión permanente non lexislativa de control da corporación da RTVG.

No proceso de dixitalización que se presupón que comezará este ano na CRTVG non está contemplada a dixitalización do arquivo da Corporación. Chegados a este punto, tendo en conta a necesidade de contar con estes recursos dixitais para o funcionamento informativo ordinario así como para recuperar a memoria histórica de Galicia, a RTVG non pode seguir obviando esta obrigaición.

Ante esta situación de indefinición e falla de planificación, fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os plans e os prazos para levalo a cabo?

2ª) Que orzamento se estima necesario para o dito proceso?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/01/2017 11:24:50

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2017 11:25:05

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.6 3344(10/POC-000560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o custo total da construción dun edificio anexo á
Redacción da TVG para o traslado provisional dos profesionais
durante o desenvolvemento do proceso de dixitalización da
RTVG, o calendario de traballo previsto e o destino futuro
desas instalacións

Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión permanente non lexislativa de control da corporación da RTVG.

Para levar a cabo o proceso de dixitalización na RTVG está prevista a construción dun edificio anexo á redacción da TVG onde serán desprazados provisionalmente numerosos profesionais.

Ante esa situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o prezo final desta construción?

2ª) Cal é o calendario de traballo previsto?

3ª) Como se aproveitarán no futuro estas instalacións cuxo custo, sen dúbida, será importante?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/01/2017 11:25:28

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2017 11:25:44